

M<sup>a</sup> A. Sobrino Pérez (2004): “O contorno final circunflexo na entoación do galego do baixo Miño”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 279-289.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## O CONTORNO FINAL CIRCUNFLEXO NA ENTOACIÓ DO GALEGO DO BAIXO MIÑO

*María dos Anxos Sobrino Pérez*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Con este relatorio pretendemos facer un breve estudio sobre o que se considera inicialmente o aspecto máis peculiar da entoación do Baixo Miño: a **inflexión tonal circunflexa** en determinadas construcións modais. Esta característica non concorda coas descrições da entoación do galego estándar (Carril, 1973; Fernández Rei, 1995) ou doutras posibles variedades (Porto Dapena, 1977), pero tampouco podemos considerala exclusiva desta zona nin desta lingua<sup>1</sup>, porque non contamos con datos abondo nin con estudos minuciosos sobre o tema.

A entoación é unha disciplina, en xeral, pouco estudada polos foneticistas, e o caso do galego non está fóra deste tópic. Tanto a nivel de lingua estándar como de variedades dialectais, os traballos sobre a entoación galega son escasos. Un dos primeiros estudos específicos sobre o tema publicouno Ramón B. Carril en 1973. Nel presenta unha descrição xeral dos patróns melódicos dos diferentes tipos de enunciados modais. Conclúe dicindo que un dos trazos principais da entoación galega é o aumento da duración da vocal na que se realiza a inflexión tonal. Nos enunciados interrogativos non atopa xuntura terminal ascendente.

Os dous traballos de Domingo Prieto baséanse na Gramática Xenerativa. No primeiro segue a Lieberman (1965) e considera que a entoación se manifesta na secuencia por medio da prominencia, “que é unha marca de entonación que se realiza físicamente por medio dunha subida ou subida e baixada na liña das frecuencias. Ista subida melódica pode ir acompañada dun aumento da intensidá e/ou cantidá” (Prieto, 1972, p. 435). Ten en conta tres tipos de prominencia con valor distintivo:

<sup>1</sup> A interrogación total do asturiano presenta un contorno circunflexo, segundo Cano González *et alii*, 1977, p. 29. Quilis, 1993, p. 469, tamén documenta este contorno nas variedades do castelán de Puerto Rico e Gran Canaria (“En el *enunciado interrogativo absoluto*, aparecen las siguientes variantes:

a) La más frecuente en Puerto Rico y Gran Canaria es la que aparece con un amplio movimiento circunflejo del fundamental, que puede comprender todo el enunciado o parte de él”).

-[+Ps] : “pra indicar interrogación ou continuación”.

-[-Ps] : “pra indicar a afirmación”.

-[Ps] : “con valor neutro”.

A partir disto afirma que a “pregunta normal” presenta ton final ascendente (Prieto, 1972, p. 436).

No segundo traballo parte de que “a estrutura prosodica tem uma organização hierarquica e pode ser representada sob a forma duma arvore prosodica ou por meio do ciclo transformacional” (Prieto, 1986, p. 199) e demostra para o galego a teoría “que considera que os niveis e os nós das arvores prosodicas coinciden com os niveis e com os nós das arvores sintacticas” (Prieto, 1986, p. 199).

Porto Dapena (1977, pp. 41-49) dedica un capítulo da súa tese sobre a fala da comarca de Ferrol á entoación. Analiza o décimo harmónico dos espectrogramas de banda estreita da súa propia voz. Fai unha clasificación de secuencias modais (enunciativas, interrogativas e volitivas) e, para cada tipo, especifica diversos matices (por exemplo: aseveración categórica, dubitativa, insinuadora, etc.) ós que atribúe contornos preferentes ou específicos. Igual que R. B. Carril (1973) non atopa modelos ascendentes nas interrogativas.

O traballo máis recente sobre a entoación do galego é a memoria de licenciatura de Elisa Fernández Rei. Nela analiza enunciados interrogativos de falantes repartidos por todo o territorio galego, agás o Baixo Miño, tentando “facer unha descrición do que poderían ser modelos estándares ou comúns á maioría dos galegos” (Fernández Rei, 1995, p. 6). Dentro dos enunciados interrogativos estudia diferentes tipos (totais, parciais, alternativas ou disxuntivas e totais ou parciais que presentan un elemento “alleo” a elas) e en ningún atopa contornos finais ascendentes.

Esta achega foi precedida por outro traballo da mesma autora (Fernández Rei, 1994): un breve estudio comparativo da entoación da interrogación en galego, portugués e castelán. Este é o único traballo que fai referencia ó contorno peculiar do Baixo Miño: “Mención á parte merece a entoación deste tipo de cláusulas (*interrogativas totais*) no sudoeste de Galicia xa que se desvían do patrón que estabamos describindo”.

Agás o traballo de Porto Dapena (1977), que trata a variedade da comarca de Ferrol, o resto dos estudos buscan a análise do galego estándar. Bolinger (1989, p. 28) destaca a importancia das diferencias dialectais equiparándoas ás que se dan entre linguas diferentes: “The regional differences take first place, not only because they have been more generally studied but also because they are most like language-to-language differences”. Os estudos sobre este nivel están moi pouco desenvolvidos na maioría das linguas.

Antes de tratar directamente o contorno circunflexo e as diferentes variantes que atopamos, faremos referencia á **función distintiva da entoación**, que é a que especifica o tipo de modalidade que presenta unha secuencia: enunciativa, interrogativa, imperativa ou exclamativa. Quilis (1993, pp. 427-428) só considera neste apartado a distinción declarativa/interrogativa. A función distintiva da entoación non é constante, ás veces a

modalidade vén sinalada por outro recurso (por exemplo, unha partícula interrogativa). Para algúns autores, esta función só reside no movemento ascendente ou descendente da parte final do enunciado. Daneš define esta función como “secundaria”: “The most important *secondary* function of intonation is to characterize the utterance according to its intention; this function may be labeled as the principal *modal* function” (Daneš, 1960, p. 48).

No nivel expresivo, “La entonación es uno de los más importantes vehículos de la expresión afectiva del discurso” (Quilis, 1993, p. 445). Para este autor, este nivel superponse ás características das funcións lingüísticas da entoación, modificando a curva en puntos que non interfíren na comunicación. Sen embargo, Garrido Almiñana (1991, p. 11) considera que hai que facer algunha matización respecto do plano expresivo, xa que pode considerarse un tipo de información lingüística máis.

O noso traballo céntrase na función distintiva dentro do nivel lingüístico, pero introducimos nela a diferenciación de catro modalidades oracionais (non só dúas como fai Quilis): enunciativas, interrogativas, imperativas e exclamativas. Neste estudio concreto só tratamos interrogativas e exclamativas.

## OBTECCIÓN DOS DATOS

Centrámo-lo noso labor nun reducido territorio, os catro concellos que conforman a microsubárea do Baixo Miño (Fernández Rei, 1990, pp. 124-125): A Guarda, O Rosal, Oia e Tomiño. Os enunciados modais que tivemos en conta son principalmente interrogativas totais e exclamativas, pero non descartámo-la referencia a outro tipo de cláusulas.

Os datos que vou presentar forman parte da miña memoria de licenciatura, que é un traballo máis amplo sobre a entoación da variedade do Baixo Miño. Os informantes son falantes nativos dos catro concellos desta comarca, con idades entre 40 e 50 anos, ós que lles fixemos un cuestionario aberto. Por cada concello hai un home e unha muller.

As gravacións foron realizadas nos propios domicilios dos informantes, cunha gravadora Sony Audio Recorder, modelo APR-2003, e un micrófono Shure Prologue 14H. Estes datos foron analizados a través do sonógrafo dixital Computerized Speech Lab. (CSL), modelo 4300 (Kay Elemetrics Corp.) do Laboratorio de Fonética do Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela. Os exemplos escollidos foron introducidos no programa de análise de voz cunha frecuencia de 50.000 mostras por segundo. Despois analizamos cada secuencia co “Pitch Extraction”, que fai un cálculo da frecuencia fundamental elaborando unha curva uniforme<sup>2</sup>.

<sup>2</sup> Ás veces utilizamos outro sistema de medida (corrixímo-los datos medindo a frecuencia do primeiro harmónico a partir da Fast Fourier Transformation, realizada tamén polo CSL) porque os datos do “Pitch Extraction” non concordaban coa nosa percepción.


As cláusulas interrogativas que analizamos eran do tipo “¿Tes sede (ou fame)?”, “¿Queres comer (ou beber algo)?”, etc. Para conseguilas buscamos unha situación que propiciase que os falantes as emitisen con naturalidade.

Ó analizarmos estas secuencias interrogativas totais, confirmamos que a situación é moi diferente do resto do territorio galego. Atopamos catro patróns distintos, pero ningún coincide cos descritos por Carril (1973), Porto Dapena (1977) ou Fernández Rei (1995). A variación da  $F_0$  prodúcese na segunda parte da secuencia (a partir da última sílaba tónica); a primeira parte presenta un inicio medio que indistintamente tende a ascender ou descender.

### PATRÓNS XERAIS

De seguido imos describir máis polo miúdo os diferentes modelos que atopamos nas interrogativas totais (catorce exemplos de oito falantes, catro homes e catro mulleres).

#### Patrón 1 (circunflexo a)



#### Secuencia a-int7<sup>3</sup>: “¿Queres queso?”


Caracterízase por presentar unha parte inicial que se mantén en valores medios, sen demasiadas subidas nin baixadas.

É o núcleo tonal o que define este modelo: a tónica final empeza no punto máis agudo da secuencia (normalmente destaca bastante, pero nun exemplo –t-int7– só é lixeiramente máis alta có resto da secuencia) e descende de seguido a valores que son máis graves cando non vai seguida de átona; no caso contrario, é esta última sílaba a que continúa o descenso

<sup>3</sup> O código de cada secuencia indica o informante (A, neste caso) e o tipo de enunciado (int7).

ata niveis por debaixo da frecuencia fundamental media (“líña cero” dos gráficos). Este modelo dáse en cinco exemplos e tres falantes: m-int7, m-int7b, a-int7, a-int7b e t-int7.

#### Patrón 2 (circunflexo b)




Secuencia k-int7: “¿Tes sede?”

Este patrón é moi similar ó anterior, quizais mesmo podería considerarse unha variante. O inicio é parello: mantense en valores medios (neste exemplo o primeiro valor é alto, pero baixa a un nivel medio durante a primeira sílaba).

A tónica final presenta un movemento ascendente-descendente durante a súa emisión. O movemento ascendente chega ó punto máis agudo da secuencia e destaca bastante, sen embargo a baixada ten máis amplitude cá subida. A átona final continúa o descenso ata valores negativos. No caso de que non haxa átona, a tónica pode terminar nun nivel bastante agudo (por exemplo, c-int7). Este patrón aparece nos dous falantes do concello do Rosal (K e C).

#### Patrón 3 (ascendente)



Secuencia x-int7: “¿Quieres comer?”

Secuencia e-int7b: “¿Quieres **agua**?”


Este novo modelo presenta un inicio similar ós anteriores: mantense a primeira parte

da secuencia nun nivel medio, segundo o rexistro do falante<sup>4</sup>, que só empeza a subir nunha sílaba do centro da frase. Aínda así, en dous exemplos (x-int7b, e-int7), a parte inicial da secuencia está nun nivel grave, próximo á frecuencia fundamental media ou incluso por debaixo.

O núcleo tonal presenta un movemento ascendente ata o valor máis agudo, na tónica; e descendente na átona. As secuencias que rematan en palabra aguda non teñen esta baixada final. Este patrón aparece en catro secuencias de dúas informantes mulleres (x-int7, x-int7b, e-int7 e e-int7b).

Non podemos considerar este modelo como equivalente ó modelo ascendente do castelán estándar, xa que a átona final é sempre descendente. Esta circunstancia faino, en certo modo, similar ós modelos circunflexos anteriores, pero o dobre movemento de ascenso-descenso repártese durante as dúas sílabas finais. Sen embargo, hai secuencias que non teñen átona final porque a cláusula remata en palabra aguda. Neste caso consideramos que o patrón é o mesmo, non habendo descenso por non existir sílaba átona final. Este patrón coincide co modelo circunflexo descrito para o asturiano (Cano González *et alii*, 1977, p. 29: “en bable la inflexión final de la anticadencia realiza una curva circunfleja. El tono sube a la zona de los agudos a partir de la última sílaba acentuada, pero vuelve a descender inmediatamente con el final de la oración.”).

Patrón 4 (descendente)



Secuencia t-int7b: “¿Quieres algo de beber?”

O patrón descendente continuado só aparece unha vez entre as interrogativas totais e nunha falante que tamén utiliza o modelo “circunflexo a”. Esta secuencia empeza nun nivel alto e descende de xeito continuado. A tónica final xa chega por debaixo da frecuencia fundamental media.

Esta curva non coincide coa descrita por Porto Pena (1977, p. 47) como a habitual para as “preguntas absolutas”: inicio alto que se mantén ata a sílaba anterior á tónica final e, a partir desta, prodúcese o descenso. Fernández Rei (1995, p. 93) coincide basicamente na descrición deste patrón con Porto Dapena. Polo tanto non podemos considera-lo noso modelo descendente como similar ó do resto de Galicia.

<sup>4</sup> No gráfico anterior aparecen exemplos de dúas falantes con rexistros moi diferentes.

Os outros patróns descritos non se documentan na escasa bibliografía sobre a entoación galega, polo que en principio podemos consideralos específicos desta zona (aínda que non poidamos dicir que son exclusivos, por falta de datos sobre outras áreas) e establecer que non concordan co esquema maioritario do territorio galego.

En xeral, para os outros tipos de interrogativas que tivemos en conta (retórica, confirmativa, de contrariedade, interrogativa-imperativa, interrogativa-exclamativa) o patrón claramente predominante é o **ascendente** (27 exemplos, dos que 18 son de mulleres). O contorno **circunflexo a** tamén é bastante común, sobre todo entre os homes (12 exemplos totais: dez son dos homes). Os outros dous contornos son moito menos habituais (cinco **descendentes** e dous **circunflexos b**).


Esta especie de xerarquía é parella á se dá nos patróns das interrogativas totais: os contornos “circunflexo a” e “ascendente” son os máis comúns, e este último aparece só en falantes mulleres.

### SECUENCIAS EXCLAMATIVAS

Os enunciados exclamativos son secuencias bastante diversas e expresan sensacións variadas: frío ou calor (coa partícula “que”), asombro ante unha cantidade ou cambio excesivos (con “como” e “canto”), desexo (“¡Quen me dera...!”), reproche ou incredulidade.

Entre as exclamativas tamén atopamos de xeito habitual os contornos circunflexos (máis maioritario o **a**), pero aparece ademais o modelo descendente. En ningún caso o patrón é ascendente.


Nas exclamativas coa partícula “que” aparecen exclusivamente os finais circunflexos, tanto o que presenta unha tónica descendente desde o punto máis alto (a), como o que ten o núcleo tonal cun dobre movemento ascendente-descendente (b). Entre estes dous patróns, é o primeiro o que se dá en máis exemplos (9 de 14). Só nunha informante (T) conviven os dous modelos.



Secuencia a-ex3b: “¡Que calor teño!”

Este é o patrón que aparece de xeito máis habitual entre as exclamativas. O inicio desta secuencia é grave (en valores negativos pero próximos á frecuencia media), pero noutros falantes pode ter valores máis altos. A curva sobe de xeito bastante pronunciado na sílaba media, que é tónica. O núcleo tonal ataca no punto máis agudo e descende moito e a átona final continúa esta baixada.

Modelo circunflexo b



Secuencia m-ex3: “¡Que frío!”

Este outro contorno circunflexo é tamén bastante habitual, pero menos có anterior. A primeira sílaba (“que”) empeza nun nivel bastante alto. A tónica final fai un movemento ascendente-descendente, que chega na subida ata o punto máis agudo. A átona final descende ata o nivel da frecuencia fundamental media (+1 Hz).

En xeral, para a totalidade das exclamativas, os patróns máis habituais son os circunflexos (en especial o a), pero en certos tipos (de desexo, de reproche ou de incredulidade) tamén hai unha importante presenza dun modelo descendente. Porto Dapena (1977, p. 48) tamén establece para a súa “entoación emocional” dous esquemas principais:

–“(…) por lo general, una frase que indica lamento, queja, resignación o commiseración adopta una entonación oblicua o descendente (...)”

–“(…) y la que expresa decepción o sorpresa prefiere el esquema circunflejo.”

Sen embargo Ramón B. Carril só documenta o contorno descendente nas exclamativas: “El espectrograma n.º 7 muestra un enunciado exclamativo. La juntura terminal es descendente” (Carril, 1973, p. 99).

En xeral, para este tipo de enunciados non podemos considerar que o contorno final circunflexo sexa definitorio desta variedade dialectal. Non temos datos abondo, pero é posible que apareza tamén noutras zonas ou mesmo no galego estándar para determinados matices das secuencias exclamativas. Só podemos especificar que na variedade do Baixo Miño se dá de xeito bastante regular.

Como o patrón circunflexo aparece habitualmente tanto nas **interrogativas totais** como nas **exclamativas**, contrastamos directamente estes dous tipos de secuencias. Fixemos unha comparación sen separalos dous contornos circunflexos (a e b). Utilizamos exemplos das interrogativas totais (int-7) e das exclamativas coa partícula “que” (porque teñen un número de sílabas parello ás interrogativas). Houbo algún caso no que a secuencia interrogativa total non tiña contorno circunflexo, polo que tivemos que escoller outro tipo de interrogativa (e-int9). A comparación non puido facerse con tódolos falantes porque algúns non presentaban un contorno circunflexo nas interrogativas (teñen contorno ascendente ou mesmo descendente).

En xeral, o trazo que distingue as secuencias interrogativas totais e as exclamativas<sup>5</sup> é a **diferencia de nivel no núcleo tonal**: os dous tipos de secuencias chegan ó cumio da frase na sílaba tónica final, pero sempre é a interrogativa a que chega a un nivel máis agudo. Nalgúns falantes, esta diferenza de nivel non se dá só no núcleo tonal, senón que aparece xa –pero menos importante– na primeira parte da secuencia (K e M). A diferenza é moi importante na maioría dos falantes, agás nos dous do concello de Oia nos que a distancia é menor de 20 Hz.

O contorno **circunflexo a** aparece de xeito máis habitual nas secuencias exclamativas, pero esta característica non é xeral: hai un caso no que aparece na interrogativa e non na exclamativa (M) e outro no que se dá indistintamente nos dous tipos (A).

## CONCLUSIÓNS XERAIS

O estudo que presentamos pretende ser unha referencia contrastiva para posibles investigacións posteriores sobre a entoación do galego e das súas variedades dialectais. Con el confirmámo-la hipótese de que existe unha serie de contornos peculiares desta zona aínda que non poidamos asegurar que sexan específicos dela, por falta de datos sobre outras variedades.

No tocante ás interrogativas totais, a situación é moi diferente do resto do territorio galego. Atopamos catro patróns distintos, pero ningún coincide cos descritos por Carril (1973), Porto Dapena (1977) ou Fernández Rei (1995). A variación só se produce na segunda parte da secuencia; a primeira presenta un inicio medio que indistintamente tende a ascender ou descender. Na segunda parte, podemos considerar que tres dos patróns son maioritarios porque se dan en máis dunha secuencia, e un é minoritario (só aparece nunha frase):

<sup>5</sup> Aínda que aquí só aparecen comparadas explicitamente as exclamativas coa partícula “que”, tivemos en conta tamén outros exemplos, sobre todo no que respecta ó nivel do núcleo tonal.

1º) **Circunflexo a**: a tónica ataca no punto máis agudo e descende de xeito bastante pronunciado; a átona final continúa esa baixada.

2º) **Circunflexo b**: a diferenza respecto do anterior é que a tónica fai un dobre movemento de ascenso ata o punto máis agudo e descenso posterior.

3º) **Ascendente**: a tónica sobe ata o nivel máis agudo e a átona, se a hai, baixa ata o máis grave. Esta variante aínda que a chamemos ascendente, tendo en conta o movemento da tónica, non podemos equiparala ás secuencias cun movemento de subida tanto na tónica como na átona, propias das interrogativas do castelán estándar.

4º) **Descendente**: a tónica e a átona continúan o descenso xa iniciado na parte anterior da secuencia.

Estes catro patróns (principalmente o primeiro e o terceiro) son os que aparecen tamén nos outros tipos de interrogativas que analizamos (retórica, confirmativa, de contrariedade, interrogativa-imperativa, interrogativa-exclamativa).

Esta descrición fainos concluir que os enunciados interrogativos totais (e en xeral os que non teñen partícula interrogativa) presentan nesta zona unha serie de patróns que se desvían do galego estándar. Os maioritarios son os circunflexos, tendo en conta que o chamado “ascendente” tamén o consideramos como unha variedade circunflexa e diferente, en todo caso, do modelo ascendente do castelán estándar.

Entre tódalas exclamativas que analizamos, os patróns máis habituais tamén son os circunflexos (máis maioritario o **a**, pero tamén aparece o **b**). Por exemplo, nas secuencias coa partícula “que” (que expresan sensación de frío ou calor) só aparecen modelos circunflexos. Despois, outro tipo de frases xa presenta exemplos cun patrón descendente, pero ningún ascendente.

Sen embargo, no caso das exclamativas non contamos con datos abondo para establecer se o contorno circunflexo é específico desta zona ou é máis xeral ó resto do territorio galego.

Xa que o patrón circunflexo aparece habitualmente nestes dous tipos de enunciados (interrogativas totais e exclamativas), comparámoslos de xeito máis preciso e chegamos á conclusión de que as interrogativas acadan sempre un nivel máis agudo no núcleo tonal cás exclamativas.

## BIBLIOGRAFÍA

- Bolinger, D. L., *Intonation and its uses: melody in grammar and discourse*, London, Edward Arnold, 1989.
- Cano González, A. M<sup>a</sup> et alii, *Gramática bable*, Madrid, Naranco, 1976.
- Carril, R. B., “Notas de entonación gallega”, *Revista de Filología Española*, LVI, 1973, pp. 95-101.
- Cruttenden, A., *Intonation*, Cambridge, Cambridge University Press, 1986.
- Daneš, F., “Sentence intonation from a functional point of view”, *Word*, 16, 1960, pp. 34-54.

- Fernández Rei, E., “Contribución ó estudio da entoación das cláusulas interrogativas (totais e parciais) en galego”, en B. Fernández Salgado (ed.) *Actas do IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994*, Oxford, Oxford Center for Galician Studies, 1997, pp. 241-253.
- *Aproximación á entoación dos enunciados interrogativos en galego. Estudio acústico*, Memoria de Licenciatura presentada na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, 1995.
- Fernández Rei, F., *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1990.
- Garrido Almiñana, J. M<sup>a</sup>, *Modelización de patrones melódicos del español para la síntesis y el reconocimiento del habla*, Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, 1991.
- Lieberman, Ph.: “On the acoustic basis of the perception of intonation by linguists”, en *Word* 21, 1965, pp. 40-54.
- Porto Dapena, J. Á., *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Anejo 9 de *Verba, Anuario Gallego de Filología*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.
- Prieto Alonso, D., “Un sistema fonológico trinitario do galego e unha teoría da entoación”, *Grial*, 38, 1972, pp. 431-437.
- “Sobre a intonaçãõ do galego”, *O Ensino* 18/22, 1986, pp. 199-206.
- QUILIS, A., “Las unidades de entonación”, *Revista Española de Lingüística*, v, 2, 1975, pp. 261-280.
- *Fonética acústica de la lengua española*, Madrid, Gredos, 1981.
- “Entonación dialectal hispánica”, *Lingüística Española Actual*, VII, 1985, pp. 145-190.
- “Estudio comparativo entre la entonación portuguesa (de Brasil) y la española”, *Revista de Filología Española*, LXVIII, 1988, pp. 3-65.
- “La entonación de Gran Canaria en el marco de la entonación hispánica”, *Lingüística Española Actual*, XI, 1989, pp. 55-87.
- *Tratado de fonología y fonética españolas*, Madrid, Gredos, 1993.